

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2024045788
ASUNTO	SELECCIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA “DEPOEMPRENDE” 2024-2025, NAS MODALIDADES DE “DEPOEMPRENDE NA ESCOLA”, “DEPOEMPRENDE NA ESO” E “DEPOEMPRENDE NA FP”
TRÁMITE	RP de aprobación da selección de centros educativos participantes no programa DepoEmprende 2024-2025

MCC

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**

Mediante Resolución de Presidencia nº 2024006505 de 6 de agosto de 2024 aprobáronse as bases e convocatoria de selección de centros educativos sostidos con fondos públicos da provincia de Pontevedra e dependentes da Xunta de Galicia que impartan ensinanzas de Educación Primaria, Educación Especial, Educación Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional para participar nos proxectos “DepoEmprende na Escola”, “DepoEmprende na ESO” e “DepoEmprende na FP”, no marco do programa DepoEmprende 2024-2025.

Con data 2 de setembro do 2024, publícanse as ditas bases reguladoras e convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (núm. 170), indicándose na base sexta como data de fin de prazo para a presentación de solicitudes o 30 de setembro de 2024.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes procedeuse á comprobación dos datos de acordo co establecido na base cuarta, resultando que todas as solicitudes cumpren os requisitos esixidos, ascendendo a 16 no proxecto de “DepoEmprende na escola”, a 10 para “DepoEmprende na ESO” e a 10 para “DepoEmprende na FP”.

O punto 10.1 das citadas bases, establece que o número de centros educativos participantes en ningún caso poderá superar o máximo de 14 centros participantes na modalidade de “DepoEmprende na Escola”, de 10 centros na modalidade de “DepoEmprende na ESO” e 10 na modalidade de “DepoEmprende na FP”; e que se seleccionarán segundo a puntuación obtida no proceso de valoración, de maior a menor, en réxime de concorrencia competitiva segundo o Anexo I das bases, no que se establecen os criterios de selección dos centros educativos. E en caso de empate, este resolverase atendendo aos puntos 10.3 e 10.4 das bases.

En base ao anterior, a comisión de selección nomeada para tal procedemento (RP núm. 2024007347 de data 18 de setembro de 2024) na reunión a distancia celebrada o 15 de outubro de 2024, propón que se admitan as solicitudes de 10 centros para participar no proxecto “DepoEmprende na ESO”, 10 centros para “DepoEmprende na FP” e 14 centros para



“DepoEmprende na Escola” quedando neste programa 2 solicitudes como suplentes, e non existindo solicitudes excluídas en ningún dos programas.

Considerando que a instrución do procedemento realizouse de conformidade co previsto nas bases do citado programa e demais lexislación aplicable.

En virtude diso, vistas as solicitudes presentadas, visto o informe técnico do xefe do servizo de data 7 de outubro de 2024, vista a acta-informe da Comisión de selección celebrada o 15 de outubro de 2024, propoñendo a relación de centros educativos seleccionados, suplentes e excluídos do programa “DepoEmprende” 2024-2025”.

Visto o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 16 de outubro de 2024 respecto da proposta de selección de centros educativos para participar no citado programa.

Vista a dilixencia de intervención de data 28 de outubro de 2024 respecto da citada proposta do Xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local (CSV: 03216XYIQKBKFFHF).

En consecuencia, visto o que antecede e de acordo co establecido nas bases e convocatoria para a selección de centros educativos sostidos con fondos públicos da provincia para participar nos proxectos do programa DepoEmprende e demais lexislación concordante de aplicación,
RESOLVO

1. Aprobar a relación de centros educativos seleccionados para participar nos diferentes proxectos do programa “DepoEmprende” 2024-2025 que figuran no Anexo I.
2. Aprobar a relación de centros suplentes e excluídos que figuran no Anexo I.
3. Publicar a relación de Centros educativos admitidos, suplentes e excluídos para participar no programa “DepoEmprende” 2024-2025 na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou ben directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da xurisdición Contencioso – Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que poida ser utilizado calquera outro recurso que estime conveniente.

EXPEDIENTE / INTERVENCIÓN/ SEDE ELECTRÓNICA / INTERESADOS.-



ANEXO I

Listaxe de centros educativos seleccionados, suplentes e excluídos para participar no programa "DepoEmprende" 2024-2025

Listaxe de centros educativos seleccionados, suplentes e excluídos para participar no proxecto "DepoEmprende na Escola" 2024-2025:

LISTAXE DE CENTROS EDUCATIVOS SELECCIONADOS. "DEPOEMPRENDE NA ESCOLA" 2024/2025			
Nº	CENTRO	CONCELLO	PUNTUACIÓN
1	CEIP PLURILINGÜE DE CONMENIÑO	GROVE, O	13
2	CEIP PLURILINGÜE DE CARBALLEDO	CERDEDO-COTOBADE	12
3	COLEGIO ANDERSEN AUGALONGA	VIGO	12
4	CEIP COIRÓN DENA	MEAÑO	11
5	COLEGIO ESTUDIO SL	NIGRÁN	11
6	CEIP PLURILINGÜE Nº1 DE TUI	TUI	10
7	ACEESCA ASOC APOYO PERSONAS CON DIV INTELLECTUAL	PORRIÑO, O	10
8	CPI JULIA BECERRA MALVAR	RIBADUMIA	9
9	CEP ANTONIO MAGARIÑOS PASTORIZA	CAMBADOS	9
10	CEP PLURILINGÜE PEDRO CASELLES BELTRÁN	TOMIÑO	7
11	CEE VILAGARCÍA DE AROUSA	VILAGARCÍA DE AROUSA	7
12	CEE SALADINO CORTIZO	VIGO	7
13	CEIP PLURILINGÜE DE TEBRA	TOMIÑO	6
14	CEE PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	6

LISTAXE DE CENTROS EDUCATIVOS SUPLENTES. "DEPOEMPRENDE NA ESCOLA" 2024/2025			
Nº	CENTRO	CONCELLO	PUNTUACIÓN
1	CEIP PLURILINGÜE RÍA DE VIGO	VIGO	5
2	CEIP A XUNQUEIRA I	PONTEVEDRA	5

LISTAXE DE CENTROS EDUCATIVOS EXCLUÍDOS. "DEPOEMPRENDE NA ESCOLA" 2024/2025	
NINGÚN	



Listaxe de centros educativos seleccionados, suplentes e excluídos para participar no proxecto "DepoEmprende na ESO" 2024-2025:

LISTAXE DE CENTROS EDUCATIVOS SELECCIONADOS. "DEPOEMPRENDE NA ESO" 2024/2025		
Nº	CENTRO	CONCELLO
1	COLEGIO MARIANO VIGO	VIGO
2	IES AS BARXAS	MOAÑA
3	IES DE RODEIRA	CANGAS
4	IES FREI MARTIN SARMIENTO	PONTEVEDRA
5	IES ILLA DE SAN SIMON	REDONDELA
6	IES MESTRE LANDÍN	MARÍN
7	IES PAZO DA MERCÉ	NEVES, AS
8	IES PLURILINGÜE TERRA DE TURONIO	GONDOMAR
9	IES VALLE INCLAN	PONTEVEDRA
10	INSTITUTO DE SECUNDARIA DE CORUXO	VIGO

LISTAXE DE CENTROS EDUCATIVOS SUPLENTES. "DEPOEMPRENDE NA ESO" 2024/2025
NINGÚN

LISTAXE DE CENTROS EDUCATIVOS EXCLUÍDOS. "DEPOEMPRENDE NA ESO" 2024/2025
NINGÚN



Listaxe de centros educativos seleccionados, suplentes e excluídos para participar no proxecto "DepoEmprende na FP" 2024-2025:

LISTAXE DE CENTROS EDUCATIVOS SELECCIONADOS. "DEPOEMPRENDE NA FP" 2024/2025		
Nº	CENTRO	CONCELLO
1	CIFP A XUNQUEIRA	PONTEVEDRA
2	CIFP CARLOS OROZA	PONTEVEDRA
3	CIFP MANUEL ANTONIO	VIGO
4	CIFP MONTECELO	PONTEVEDRA
5	COLEXIO VIVAS SL	VIGO
6	IES A GUÍA	VIGO
7	IES LAXEIRO	LALÍN
8	IES PLURILINGÜE TERRA DE TURONIO	GONDOMAR
9	IES POLITECNICO DE VIGO	VIGO
10	IES SANCHEZ CANTÓN	PONTEVEDRA

LISTAXE DE CENTROS EDUCATIVOS SUPLENTES. "DEPOEMPRENDE NA FP" 2024/2025
NINGÚN

LISTAXE DE CENTROS EDUCATIVOS EXCLUÍDOS. "DEPOEMPRENDE NA FP" 2024/2025
NINGÚN

